

Emilia Pardo Bazán, intelectual na crise finisecular

Ramón Villares

USC / RAG

ramon.villares@usc.es

(recibido novembro /2021, aceptado decembro/2021)

RESUMEN: Este artículo analiza o papel de la escritora Pardo Bazán como unha intelectual que examina e denuncia as causas e consecuencias da crise de fin do século XIX, provocada en España pola derrota militar, política e moral de 1898. Entre as consecuencias máis evidentes, a escritora colocou o desafío particularista ou rexionalista de Cataluña, País Vasco e Galicia, suxerindo solucións diferentes e orixinais.

PALABRAS CLAVE: Intelectual, crise da *fin-de-siècle*, problema de España, regionalismo político.

ABSTRACT: This article analyzes the role of the writer Pardo Bazán as an intellectual who examines and denounces the causes and consequences of the crisis of the end of the nineteenth century, provoked in Spain by the military, political and moral defeat of 1898. Among the most obvious consequences, a writer points out the particularist or rexionalist challenge of Catalonia, the Basque Country and Galicia, suggesting different and original solutions.

KEYWORDS: Intellectual, crise of *fin-de-siècle*, problem of Spain, political regionalism.

No final do século XIX, a *fin-de-siècle* por antonomasia, acumuláronse os acontecementos en tal medida que era difícil para os coetáneos -políticos, escritores, xornalistas- pór orde nas súas reflexións e intervencións públicas. Nos países da Europa mediterránea, como ten observado José María Jover (1981), unha sucesión de crises marcan a década dos noventa, comezando co Ultimato portugués (1890), continuando coa crise de Adua para Italia en 1896 e rematando coa guerra e crise do 98 para España, sen deixar fóra o grande debate daquela altura, que foi o *affaire* Dreyfús en Francia. Tempos definidos “a posteriori” como unha *belle époque* que na realidade estaban a anunciar mudanzas profundas, ata o punto de que moitas das consideradas conquistas propias da época de entre-guerras, na arte e literatura ou mesmo na ciencia, estaban xermolando claramente neste momento histórico. Só estaba a considerable atraso a política como arte de gobernar e pouco desenvolvida a participación das masas na súa dinámica.

Neste contexto temporal e espacial, voume ocupar da escritora Emilia Pardo Bazán desde un ángulo específico que está algo afastado da condición de creadora literaria: a súa dimensión como intelectual, isto é, como unha voz orixinal e singular naqueles tempos de crise e de mudanza. Esta atribución do substantivo “intelectual” a unha escritora que levaba anos debruzada na construción da súa figura como autora literaria fúndase en dúas razóns complementarias. En primeiro termo, porque ela mesma é consciente, segundo comenta en varios artigos anteriores e posteriores ao 98, de que existía, entre literatos e artistas, unha conciencia de dexeneración e decadencia “llamada máis o menos impropriamente del fin de siglo”, como escribe a propósito das obras de Lombroso e Nordau (Pardo Bazán 1964, III: 1157 e ss.). Anos máis tarde, nunha conferencia pronunciada na madrileña *Residencia de Estudiantes* en 1916, confesará que “los últimos años del XIX y primeros del XX han sido considerados de *decadencia*”, idea que “se relacionó con la del *fin de siglo*” (Pardo Bazán 1964, III: 1544). Antes e despois da marcante data de 1898, a Pardo Bazán pronunciouse publicamente sobre cuestións centrais da sociedade do seu tempo, o que invita a reflexionar sobre a súa condición de intelectual como visión complementaria do principal quiñón da súa obra, que é a creación literaria.

PARDO BAZÁN COMO INTELECTUAL

Cualificar a Pardo Bazán como unha intelectual esixe achegar algunhas notas sobre o contexto no que se produce a súa conciencia de o ser e cando se produce a toma de posición como unha intelectual no pleno sentido da palabra. Porque a novidade non é simplemente que Pardo Bazán sexa unha intelectual, senón que se consagre como tal no momento histórico no que, na cultura europea occidental, está a empregarse este concepto para designar a persoas que son capaces de erguer a súa voz e actuar no espazo público na defensa de posicións morais ou políticas que afectan ás sociedades coetáneas e ás súas políticas. Podería dicirse que é o momento no que se produce o “nacemento” ou “aparición” dos intelectuais non só en España senón en toda a Europa occidental (Serrano 2000; Winock 2010). Admítase pacificamente que o famoso texto de Émile Zola, *J'accuse*, publicado no diario parisiense *L'Aurore* en xaneiro de 1898, constitúe a acta de bautismo dos modernos intelectuais. Naquela tormenta de ideas provocada polo *affaire* Dreyfus, que dividiu a sociedade francesa entre partidarios e detractores dun oficial militar acusado de espionaxe e deportado á Illa do Diabo (Guaiana), condena agravada por ser de raza hebrea, estaba a nacer un espazo ou “campo” de debate público e a figura do intelectual como os “dous fenómenos maiores da vida intelectual de fin de século” (Charle 1998: 16).

A novidade está, pois, en que o adxectivo “intelectual” acaba substantivándose para definir un oficio ou profesión que é posible exercer grazas á autonomía dos escritores, en proceso de constitución como unha comunidade profesional (Varela 1999; Juliá 2003). No caso de Francia, con inicio no *affaire* Dreyfus, o liderado dos intelectuais comezou a marcar grandes debates ata mediados do século XX, actuando a través de figuras normalmente contrapostas, como as de Maurice Barrès vs. Émile Zola, André Gide vs. Julien Benda ou Jean Paul Sartre vs. Albert Camus (Winock 2010). No caso de España, esta actuación

dupla non foi tal, nin nos anos finiseculares nin máis adiante, pero isto no lle quita valor á posición de Emilia Pardo Bazán que, como advirte a súa máis recente biógrafa, “entre 1898 y 1905, dedicó una gran cantidad de energía creativa a discutir publicamente las causas, consecuencias y remedios posibles al Desastre” (Burdíel 2019: 471).

Agora ben, cabe preguntarse se a escritora de Marineda foi vista deste modo polos coetáneos e, ademais, se foi recollida pola historiografía posterior a súa faciana de intelectual no espazo público finisecular. A resposta é clara, aínda que algo decepcionante. Para os seus coetáneos, Emilia Pardo Bazán estaba lastrada pola súa condición de muller que podía ser escritora, pero non propiamente unha intelectual, aínda que houbo algunha excepción como a de Rubén Darío. En efecto, despois da conferencia de 1899 pronunciada en París pola escritora de Marineda, os ecos da mesma en España foron negativos, tanto polo seu contido (que se estimaba “antipatriótico”) como por se tratar dun capricho persoal por parte de quen foi definida daquela como “la inevitable” ou unha “métome en todo”. Porén, o escritor nicaraguano foi capaz de advertir o que era evidente: “no sé quién mejor”, de non ter ido Menéndez Pelayo ou Pérez Galdós, para conferenciar sobre os “males de España” no estranxeiro. Os seus amigos rexeneracionistas, tal que o propio Joaquín Costa, aproveitaron para subliñar que as ideas de Pardo Bazán expostas en París coincidían coas que eles defendían, mentres que escritores coetáneos, como *Clarín*, pouco adepto á retórica rexeneracionista, non emprega máis que de forma casual e algo crítica a palabra “intelectual”, en maio do 98 e a propósito dun texto de Juan Valera sobre “Letras y armas” (Clarín 2006: 166-167). Pero as mencións á nosa escritora son marxinais.

Resulta estraño comprobar que no momento histórico de aparición dos intelectuais, fundado con frecuencia no recurso a manifestos de abaixo-asinantes, o nome de Emilia Pardo Bazán apareza moi poucas veces. Para empezar, non está no manifesto fundacional da *Liga Nacional de Productores* (1900), nin en varios escritos de apoio ou de crítica de figuras públicas como José Echegaray ou Eugenio Montero Ríos, obxectos de senllos manifestos en 1905. No dedicado a Montero, que está considerado como a primeira denuncia pública do réxime clientelar da Restauración, caracterizado por integrar “el cortejo de sus deudos” nun “gobierno nepotista”, tal vez podería esperarse a presenza da condesa, dado ser Montero un galego de nación. Só en 1906 o nome da escritora encabezaría a lista de asinantes no manifesto de intelectuais en apoio de Miguel de Unamuno, convidado a conferenciar en Madrid en 1906 sobre os problemas provocados pola asonada militar de Barcelona en novembro de 1905, que levara por diante ao propio goberno de Montero Ríos (Juliá 2014: 150-152).

Pardo Bazán actuaba como intelectual, pero a tempo parcial. Isto explica a súa presenza moi secundaria na historiografía intelectual española dos últimos decenios. Escollerei, só a título de exemplo, as obras de algúns autores que se ocuparon deste asunto. Vicente Cacho, autor de textos decisivos sobre o 98 en comparación co acontecido en Francia na guerra franco-prusiana, ocúpase de modo tanxencial dos intelectuais, entre eles de Ortega y Gasset ou Juan Maragall, pero sobre Pardo Bazán non dá unha palabra. Acontece algo semellante en textos de J. C. Mainer, cando se ocupa da vinculación entre os intelectuais e o xénero do ensaio, que asocia cos nomes de *Clarín*, Ganivet e Unamuno, para seguir con

Ortega e Eugenio D'Ors (Mainer 1996). Pola súa banda, na “novela de España” de Javier Varela, a presenza de intelectuais finiseculares é desigual: catro mencións de Pardo Bazán fronte a oito de Pereda, doce de Valera ou trinta e cinco de Unamuno, por citar só nomes case coetáneos da nosa escritora. De novo, Ortega y Gasset ou Menéndez Pidal serán os grandes referentes. Tendencia que se repite na obra máis ambiciosa da historia intelectual da España contemporánea, debida a Santos Juliá, onde de novo a presenza de Pardo Bazán, con cinco mencións en total, fica preto das sete que merece Galdós, pero a distancia das sesenta que lle merecen Ortega ou Unamuno. En suma, que Pardo Bazán é ante todo unha escritora e muller, que apenas pode ser considerada como unha intelectual. Non se trata dunha inxustiza, senón dunha cegueira ao non ver a única voz de muller que na Europa da *belle époque* decide actuar como intelectual, anticipando o rol estelar que acadarán Virginia Woolf ou Simone de Beauvoir en épocas posteriores. De feito, non se encontra ningunha voz feminina nos debates intelectuais suscitados con ocasión do Ultimato portugués nin no longo debate que rodeou o *affaire* Dreyfus.

MUDANZAS DA FIN-DE-SIÈCLE

Non obstante, Pardo Bazán reunía por formación e curiosidade cultural as condicións necesarias para actuar e para ser unha intelectual. Ela era consciente das mudanzas culturais que estaban a acontecer na Europa de finais do século XIX, movidas por unha serie de tendencias que supoñen un retorno do “ethos” romántico. No *revival* romántico vai incluída a defensa do irracionalismo e do particularismo, reforzada pola apelación á vontade individual e ao egotismo ou *culte du moi*, segundo a coñecida fórmula barresiana. Entre as consecuencias máis claras deste revisionismo cultural está o combate da decadencia mediante a rexeneración e o recoñecemento das persoas “superiores” que definira Carlyle, fronte ao filisteísmo das masas que son obxecto de desprezo no pensamento conservador finisecular (Breuer 1996). Alén de seren revisadas drasticamente as certezas positivistas, muta o papel desempeñado polas razas e polas nacións, que son definidas con frecuencia en termos de darwinismo social, como fixera *lord* Salisbury en maio de 1898, cando distinguía as nacións que eran vivas, activas e virís fronte ás decadentes, dexeneradas e mesmo moribundas. Nun “Palique” de *Clarín* publicado á semana seguinte, o discurso do *premier* británico é cualificado como un “pronóstico fatalista-darwiniano” e, desde logo, unha ofensa a España (Clarín 2006: 158).

Certamente, a intervención de Salisbury non era casual, pois foi feita no contexto da derrota da armada española na bacía de Cavite (Filipinas), perante a armada dos Estados Unidos, unha potencia emerxente que alén do Caribe estaba a deseñar como área de influencia os mares de Extremo Oriente. Non é seguro que Salisbury estivese a pensar no suceso de Cavite pero, alomenos, alertaba dunha situación que para a sociedade española parecía pouco relevante, ata o punto de que a “inmensa muchedumbre” de Madrid, aínda que sabedora de “nuestros últimos desastres”, acudía alegre ás touradas da capital propias das festas do San Isidro do ano 1898, como recoñece con pesar a nosa escritora. As elites políticas tampouco aparentaban estar moito máis preocupadas polo que

acontecía no imperio español. Porén, parece evidente que España estaba a ser colocada, desde o outeiro londiniense, no grupo das nacións moribundas, asignación que combaterá con determinación a Pardo Bazán e moitos outros escritores coetáneos máis ou menos rexeneracionistas.

A escritora de Marineda coñece e mesmo analiza as mutacións culturais finiseculares en algún dos seus textos de crítica literaria, anos antes de se enfrontar ao desafío de analizar o “Desastre” do 98. Así se expresa no longo artigo titulado “La nueva cuestión palpitante”, escrito en 1894, no que pasa revista ás ideas de Cesare Lombroso (“maestro de Nordau”) e das do seu discípulo, “israelita que fustiga los embustes y mentiras de la sociedad actual” nos seus dous volumes dedicados á *Dexeneración*. A conclusión da autora é que Max Nordau pretende demostrar que “los literatos y artistas de esta generación llamada más o menos impropriamente del fin de siglo, están atacados de un cierto mal terrible, adquirido o heredado, que nombra degeneración” (Pardo Bazán 1964 III, 1157 e ss.). Estas ideas cadraban ben coa práctica naturalista que a escritora estaba a usar nas obras de creación literaria, pero o que importa é subliñar que na década dos noventa, a Pardo Bazán estaba transitando cara a condición de intelectual que, como Nordau, debía combater a idea da decadencia que marcou os últimos anos do século XIX e primeiros do XX.

Se existe unha expresión reiterada na literatura rexeneracionista é, sen dúbida, a de *Los males de la patria*, título da obra do enxeñeiro Lucas Mallada, publicada en 1890, que en 1897 Macías Picavea transformará en *El problema nacional*, antes da impetuosa irrupción de Joaquín Costa no debate rexeneracionista. Nestas obras adiantase unha diagnose e, de modo indirecto, a vontade de encontrar remedios para aqueles males. Dúas colectáneas de artigos da nosa autora, de forma menos sistemática, tamén reflicten esta preocupación: *De siglo a siglo* e *La vida contemporánea*. Neles ecoan críticas e queixas sobre as causas da decadencia española, que considera que non foi obra dun suceso concreto, senón do “fracaso inmenso de nuestra política, nuestro régimen y nuestras esperanzas, desde la Restauración acá” (Sánchez-Llama 2010: 245). Aínda que o punto culminante daquela crise política, militar e moral fora a *debâcle* ou desastre naval de Cavite e de Santiago de Cuba, o problema comezara moito antes, non só nos principios do réxime canovista, senón como resultado do fracaso das reformas liberais de principios do século XIX.

Esta diagnose será levada ao seu cumio por Joaquín Costa, para quen todo estaba malformado polo “infame século” XIX. Pardo Bazán non era tan contundente nesta difamación do liberalismo, pero comparte as análises de Lucas Mallada, Ricardo Macías Picavea e, desde logo, de Costa e tantos outros coetáneos. Ela mesma, na preparación da primeira das grandes intervencións públicas que fará sobre o problema español, pasa revista a “docena y media de libros” con “dolorosos títulos”, para engadir decontado que “en España no debe haber poetas, cuando no han cantado ni llorado la catástrofe nacional”. Aínda que esquece a “Oda a Espanya” do poeta catalán Juan Maragall, a observación é basicamente correcta. Era preciso intervir e isto é o que fai a Pardo Bazán, abandonando o “aristocrático desdén” con que os literatos trataban en España as cuestións sociais.

A posición da Pardo Bazán perante os males de la patria está marcada intensamente polo seu profundo nacionalismo español que, con todo, se atopa lonxe do patriotismo

que caracterizou a sociedade española finisecular, mesmo nos seus estratos sociais máis populares. A formación e mesmo admiración da nosa autora pola cultura e a política francesa servíanlle de paradigma desde o que analizar os males da patria e a defensa dos remedios que aquela precisaba, que debían fundarse nunha vía diferente de conducir a nacionalización das masas, mediante a educación e non a coerción, nunha liña que auspiciara Ernest Renan despois da derrota francesa en Sedan perante o exército prusiano. Ela era unha autora que por estudo, viaxes e lecturas estaba preparada para pronunciarse publicamente, malia sentirse illada e sabedora dos perigos que corría. De feito, cando verbaliza o silencio que os literatos practican a propósito do *Desastre* español –que podía estenderse a persoas tan apreciadas como Pérez Galdós– o que se pode engadir é que este silencio tamén era a norma na vida política oficial. Coa excepción de Antonio Maura e, en parte, de Francisco Silvela, ningunha figura política dos partidos dinásticos se atreveu a dar unha diagnose do problema e propoñer saídas ou remedios que non fosen lugares comúns. As críticas procederon da periferia do sistema, dos republicanos e socialistas, pero tamén dos carlistas e de figuras senlleiras como Joaquín Costa, dos chamados rexeneracionistas e, sen unha adscrición ideolóxica precisa –entre carlista, católica e institucionista–, tamén de Emilia Pardo Bazán.

LENDA DOURADA, NACIÓN DÉBIL, GOBERNO OLIGÁRQUICO

Entre os moitos textos que Pardo Bazán dedicou durante estes anos interseculares ao problema nacional e aos males da patria, hai que salientar especialmente tres conferencias que pronuncia –e publica decontado– entre 1899 e 1901, así como a participación no Informe de Joaquín Costa promovido polo Ateneo de Madrid en 1901. As conferencias son tres intervencións que presentan unha liña argumental común, pero adornadas de trazos específicos e dirixidas a públicos claramente distintos, do que era ben consciente a conferenciante. As intervencións teñen lugar en París (abril de 1899), Valencia (decembro de 1899) e Ourense (xuño de 1901). Non é preciso reparar especialmente nos lugares e contextos nos que se organizan estas tres conferencias, que teñen sido analizadas amplamente por expertos pardobazanistas. Os argumentos centrais destas intervencións están marcadas por unha mensaxe específica en cada unha delas pero que, vistas no seu conxunto, achegan unha visión complexa e plural da diagnose da Pardo Bazán sobre o problema de España.

O arranque tivo lugar realmente na Sala Charras de París, a onde foi convidada a intervir pola *Société de Conférences* da capital francesa. Entre os asistentes, “elegantes damas” dos bulevares da *Rive Gauche* e algún influínte crítico literario como Ferdinand Brunetière, aínda que é de notar a ausencia dos dous grandes referentes intelectuais do momento, que Dona Emilia tratara persoalmente, que eran Émile Zola e Maurice Barrès. Non estaba, pois, o “todo París”, pero tampouco falaba para hispanistas ou curiosos da España de “Carmen” e de bandoleiros. Con todo, acudir a París era un desafío para analizar a cuestión central proposta pola Pardo Bazán: a “lenda dourada” española como contrafigura da coñecida “lenda negra”, de tanta difusión na alta cultura europea desde séculos atrás.

A Valentía da conferenciante estivo na escolla do argumento, porque “de las dos leyendas, es la dorada, la heroica y hermosa, la que más daño nos hizo”, con efectos moi funestos porque “el ayer se nos ha subido a la cabeza”. A lenda dourada era vista, ao modo ilustrado, como un estorbo que explicaba a razón do desastre español: exceso de “patrióticas ilusiones” e “sacrílega indiferencia” popular o que, dito con outras palabras, xa se atrevera a denunciar Ramón y Cajal cando pedía “renunciar para siempre a nuestro matonismo”, no sentido de “creer que somos la nación más guerrera del mundo”. A mensaxe da Pardo Bazán ía na mesma dirección, ao denunciar a debilidade da conciencia nacional española, o escaso vigor intelectual e moral das súas elites e a inequidade social con que se construíra o proxecto nacional español, deixando fóra unha boa parte da poboación, que vía no sistema tributario e no recrutamento militar as mostras máis evidentes desa ausencia de cohesión social que necesita un proceso de nacionalización das masas. Unha frase desta conferencia, inspirada por Francisco Silvela, resume cabalmente a diagnose da nosa escritora: “España posee todas las apariencias y ninguna realidad de nación jurídicamente constituida”, na que a desconfianza sobre as institucións é xeneralizada e os comportamentos sociais abanean entre “el asentimiento maquinal o la irreverencia inculca”.

Apatía, “empleomanía”, desprezo pola cultura estranxeira, “hidalgos de palillo en boca”, estudantes que “pasan el año pidiendo vacaciones” e moitas outras lacras (ou estereotipos) son a expresión dos efectos desa lenda dourada que lle restou vigor, forza e conciencia á sociedade española. Non é estraño que a autora se preocupase do eco que esta conferencia podería ter en España, porque “requiérese cierto valor cuando hay que hablar en el extranjero de la patria española”. Non lle faltaba razón, porque na prensa española houbo comentarios críticos sobre a súa “falta de patriotismo” e referencias menos amables como a de José María Pereda, que aludiría en carta particular a “la tarascada de la Pardo en París”. Valentía fronte a silencio, audacia e non torpeza patrioteira é o que define a posición de Pardo Bazán, como unha intelectual que é consciente de que pisa un campo de minas, pero que tamén é autocrítica co seu pasado tradicionalista e co feito de ter sido tamén “legendista”.

Unha cuestión que aparece de forma sistemática nas súas conferencias e textos é a fraqueza da nación española e os perigos que o Desastre está colocando no primeiro plano. Alén de condenar expresamente as tentacións particularistas con un “vade retro regionalismo”, que xa viña dos anos oitenta (Oller 1962: 100), ela autodefiniuse como “española rabiosa”, de modo que o cerne do seu pensamento está na consideración de España como un proxecto nacional incompleto ou inacabado, no que “o sentimento patrio” non estaría morto senón simplemente durmido: “por eso intento despertarlo”, proclama en París, como farían tantos outros intelectuais europeos que se ocuparon daquela do feito nacional. A cuestión nacional está presente na intervención de París, pero será moito máis explícita nas intervencións que realiza en dúas cidades españolas, Valencia e Ourense, nas que se ocupa máis extensamente da transformación do rexionalismo cultural e político en desafío explícito á “idea de nación” que, entre outros trazos, ten a de ser unha “túnica inconsútil” que é tanto como dicir “una e indivisible”.

En efecto, na conferencia pronunciada en decembro de 1899 na Lonxa de Valencia, organizada polo Ateneo daquela cidade, o problema político que máis lle preocupa á escritora é “la agitación particularista” que se está a producir nas “provincias más industriales y fuertes de España”. Este particularismo, que hoxe poderíamos denominar nacionalismo subestatal, é entendido como expresión da modernidade daquelas rexións, o que, na perspectiva da escritora de Marineda, separa estes movementos políticos das visións máis arcaizantes que asemellan o rexionalismo co tradicionalismo. Pero o importante non é a verbalización do problema, senón os remedios que Pardo Bazán estima necesarios para superar a fraqueza do proxecto nacional español. E, continuando coa diagnose que xa fixera na conferencia de París, a alternativa é claramente cultural. A fórmula para revigorizar a nación e lograr que poida “seguir existiendo” é, como pensara Ernest Renan en 1870, “instrucción, instrucción, instrucción”.

Na terceira das conferencias, pronunciada en Ourense en xuño de 1901, os problemas analizados teñen novos matices, dado o lugar e o formato no que fala a escritora. Alén de proclamar, como *captatio benevolentiae* dos presentes, que “esta provincia es la que ha despertado mi vocación artística”, recoñece que ser mantedora duns Xogos Frorais concédelle unha oportunidade que, en si mesma, é unha crítica directa á política do sistema da Restauración: “los Juegos Florales se han convertido en una tribuna desde la cual se dice lo que en las Cortes no se ha podido o no se ha querido decir (...) en esta hora que muchos creen del crepúsculo de España” (Sánchez-Llama 2010: 313). Esta presenza nun certame literario, compartido con ilustres intelectuais que interviñeran naquela mesma sazón en Bilbao (Unamuno), Barcelona (Pi i Margall) ou Salamanca (Costa), confirma claramente a singularidade de Pardo Bazán como muller e como intelectual na praza pública, como unha voz que trata de entender as doenzas colectivas, morais e políticas, que puxo ao descuberto o Desastre do 98 (Sotelo 1999). O discurso de Ourense retorna de novo sobre “la gravedad de problemas de la hora presente” (sociais, políticos ou relixiosos), entre os que o máis urxente é o “regionalismo separatista”. As posicións políticas de Pardo Bazán son mellor avaliadas nesta ocasión por colegas como Juan Valera, que lle recoñece que se trata dun discurso ben pensado no que “se expresa con discreción y tino”, salvo na apelación a un ditador ou cirurxián de ferro como solución aos males da patria (Valera 1947, II: 1059-1062).

O cuarto texto é máis breve, pero claramente singular. Trátase da súa contribución ao debate sobre as consecuencias políticas do Desastre e, en xeral, da análise das causas dos males da patria española. A ocasión foi igualmente singular, porque se trata dun inquérito promovido polo Ateneo de Madrid e confiado ao máis destacado escritor rexeneracionista, o notario aragonés Joaquín Costa. Que fose unha institución como o Ateneo, considerado daquela unha “Holanda” española, e non o Parlamento –como fixera uns anos antes a propósito da *Crisis agrícola y pecuaria* (1887), mostra ata que punto estaba bloqueado o debate político sobre a crise do 98 no seo da principal institución do sistema político da Restauración. E de novo foi neste debate onde salienta a ollada aguda de Pardo Bazán sobre unha temática que, como ela recoñece cun punto de ironía, lle estaba vedada ao sexo feminino.

Entre os moitos comentarios remitidos a propósito da memoria inicial de Costa, que colocaba no cerne da diagnose os dous elementos que caracterizaban a situación política da España daquela altura, *Oligarquía y caciquismo como la forma actual de Gobierno de España* (Costa 1975), encóntranse máis de sesenta participantes, na súa maioría a título individual. Eran moito menos da metade dos cento setenta convites que fixera o Ateneo, pero no seu conxunto os finalmente publicados reflicten o que a institución procuraba: ter a opinión de “elementos intelectuales de la sociedad española, sin omitir escuela, tendencia u opinión”. A institución ateneísta dirixiuse a políticos de variado arco ideolóxico (desde Montero Ríos ou Maura ata Durán i Bas, Pi i Margall ou Pablo Iglesias), a xornalistas e publicistas ben coñecidos (Unamuno, Maeztu ou Morote) e tamén a importantes académicos, desde Giner de los Ríos ata Azcárate, Altamira ou Dorado Montero. Tanto entre convidados como participantes, a única voz feminina é a da escritora Pardo Bazán, definida como “publicista” no convite e “Novelista, escritor de Arte, Crítica y Sociología”, na edición final do libro. Pero a análise dos comentarios de Pardo Bazán non se poden reducir á condición de voz singular, do que ela mesma era ben consciente, senón á calidade e orixinalidade da diagnose do seu texto, só parcialmente aliñada coas posicións de Joaquín Costa, un “maestro y guía” ao que a escritora apón a súa condición de “testigo informado” e “imparcialidad de que es garantía mi sexo”, dado que non se lle permite estar afiliada a ningún partido e moito menos ser membro do parlamento.

Nas ideas centrais deste texto de Pardo Bazán ecoan, desde logo, trazos e obsesións que están presentes nas súas conferencias e textos coetáneos. Pero hai matices orixinais que cómpre subliñar. O primeiro é que emprega, como tantas veces fixo nos seus textos de crítica literaria, un método científico, ao insistir en que a súa visión do caciquismo era resultado da observación directa da realidade, considerando que “las figuras de los caciques Barbacana y Trampeta”, cuxas andanzas están ben retratadas en romances como *Los pazos de Ulloa*, “están tomadas del natural”. O segundo matiz, deducido desta posición analítica, é claramente distinto da diagnose de Joaquín Costa. En efecto, evita caer no maniqueísmo de “atribuir al pueblo, a la masa gobernada, las virtudes de que carecen los gobernantes, oligarcas y caciques”, que era criterio común na literatura rexeneracionista pero tamén na creación literaria, incluídas as “novelas patriarcalistas de Pereda y sus discípulos”. A conclusión de Pardo Bazán non pode ser máis contundente: “el pueblo es muy semejante a los caciques que le oprimen”.

CODA FINAL: CULPAS E REMEDIOS

Foi moi celebrada na época a apelación de Montero Ríos ao popular conto galego do Meco para explicar o Desastre do 98 e, deste modo, diluír as responsabilidades do sistema da Restauración e, nomeadamente, de políticos e militares. Como se fóra unha nova versión de *Fuenteovejuna*, ao Meco “matámolo todos”, sentenciou o político liberal que trataba de se curar en saúde, días antes de aceptar, por insistencia da Raíña Rexente, a presidencia da Comisión española no Tratado de París, que sería cerrado a gusto da potencia vencedora. Non importa agora o resultado daquel acordo diplomático, máis

que decidido de antemán, nin a onda de hipocrisía patrioteira con que foi recibido pola opinión pública española, que acusou a Montero Ríos das cesións que tivo que facer en París á delegación dos EE.UU. Importa, polo contrario, avaliar como coda final a posición de Pardo Bazán como intelectual que se pronuncia no espazo público.

Desde logo, a escritora asume ideas que eran moeda corrente naquel intre histórico, sexa por formación individual ou sexa por influencia epocal: desprezo da política e dos seus representantes, fraca nacionalización das masas, un sistema educativo escasamente dotado e, sobre todo, un problema esencial, que era a cuestión nacional que na visión de Pardo Bazán era o máis agudo da España coetánea e que, por tanto, estaba necesitada de remedios diferentes aos que propugnaba a maioría da literatura rexeneracionista. Desde logo, a crítica da política e do parlamentarismo era unha constante que asume a nosa escritora en moitos dos seus artigos e nas conferencias que pronunciou nos anos interseculares. “Yo voy a las Cortes sin fe política de ninguna clase”, confesaría en artigo de marzo de 1899, frase menos radical das que empregaba Joaquín Costa, pero que amosa a visión elitista e desprezativa do sistema político liberal, que estaba a anunciar a corrente doutrinal da “antipolítica” que abollará con forza na “era dos extremos” de entreguerras.

A razón de fondo desta desconfianza na política derivaba da fraqueza do Estado e da ineficaz administración pública, pero tamén dos efectos narcotizantes que producía na sociedade española a “lenda dourada”, esa autoestima esaxerada que impedía entender que “durar es cambiar, cambiar es avanzar”, para dicilo en palabras da nosa escritora. Porque, na súa opinión, as culpas estarían repartidas equitativamente desde a cima á base da sociedade. Desta mesma natureza é a diagnose que Pardo Bazán fai do caciquismo ou clientelismo político que, sen ser negado como una das lacras do sistema da Restauración (“enfermedad constitucional”, diría Pérez Galdós en crónica en *La Prensa* de Buenos Aires de 1901), é explicado de forma distinta. A súa orixinalidade está en non diferenciar a natureza moral da oligarquía, cualificada por varios colaboradores do Informe de Costa como “minoría de los peores”, da suposta bondade das masas: “aquí, y pongo el dedo en la llaga, somos peores todos”. Para dicilo coa expresión popular galega, o “coiro” do cacique era da mesma pel que tiñan os caciqueados, isto é, a “masa”, porque todos “padecen el mal de España”, conclúe a nosa escritora (Sánchez-Llama 2010: 328, 334).

Un problema para Pardo Bazán, en maior grao que para os intelectuais coetáneos, era a cuestión nacional, que con frecuencia se resolve coa mención da “agitación” particularista ou separatista que, como subliñou no seu discurso de Ourense, era un asunto que “pertenece exclusivamente a España”. O malestar nacional non era asunto unicamente español, como se pode ver nos exemplos coetáneos de Irlanda ou do imperio austro-húngaro, pero o trazo esencial de España era que esas reivindicacións nacionais non só procedían das zonas industrializadas, senón que tentaban combater por outros medios as doenzas que denunciaba a propia Pardo Bazán: nación fraca, administración ineficaz, sociedade “sin pulso”. A autora lamenta “ciertos gritos impíos” de dirixentes cataláns contra España, que sagazmente explica como unha reacción de “puros patriotas” que están feridos pola “humillación patriótica” do Desastre do 98. Aínda que non concorda con estas manifestacións particularistas, afástase claramente da actitude da sociedade española

fronte ao desafío catalanista. En efecto, a nosa escritora sostén que o problema non se pode resolver mediante unha “represión violenta, con tiros, garrotes y cárceles”, porque “a esos gritos se contesta con las letras, con el arte, con la instrucción, con el progreso, con la rehabilitación de España”, como enerxicamente diría no seu discurso de Ourense (Sánchez- Llama 2010: 324). Neste asunto, como no do clientelismo político, a posición de Pardo Bazán é complexa e matizada, como propia dunha intelectual que apela á razón e non aos sentimentos, que non comunga coas rodas de muíño que o propio discurso costista estaba a construír naquela mesma conxuntura histórica.

Ollada á distancia de máis dun século, resulta patente a condición de Pardo Bazán como un exemplo do intelectual que está a nacer, en España e en toda Europa, na crise da *fin-de-siècle*. E tamén é evidente que as súas análises, diagnoses e remedios son máis complexos que os propios da prosa de rexeneracionistas como Joaquín Costa, un “Zola carpetovetónico” de retórica aparentemente revolucionaria do que ficaron en pé durante décadas máis estereotipos que solucións (Varela 1999: 123 e ss.). Asunto diferente sería dar un balance dos remedios propostos en torno á crise do 98 español, porque houbo moita máis palla que grao, como de modo incidental albiscou Pardo Bazán no remate da súa conferencia de Ourense: “van perdidos tres años que valen por treinta”. Nos anos vinte, preguntárase Manuel Azaña que novidade achegara a xeración do 98 á explicación (e solución) dos problemas de España, para concluír que o rexeneracionismo se limitara a denunciar “treinta mil problemas” sen ter un programa político con que actuar: “sólo ha derruido lo que ha acertado a sustituir”, asevera no seu lúcido artigo (Azaña 2007: 271). Perante a clamorosa ausencia da política no discurso intelectual da época finisecular –no que Azaña só salva a figura de Unamuno e, pola contra, non é capaz de ver a de Pardo Bazán–, a conclusión máis evidente é que triunfou a posición do sistema dinástico á hora de explicar as consecuencias da guerra colonial: non era un fallo dos gobernos senón un “problema nacional” de culpabilidade difusa. A brincadeira do “Meco” de Montero Ríos non andaba tan descamiñada...

REFERENCIAS

Azaña, Manuel (2007): “¡Todavía el 98!” [23.10.1923], in *Obras completas*, vol.2, edición de Santos Juliá, Centro de Estudios Políticos e Institucionales, Madrid, pp. 271-272.

Breuer, Stefan (1996): *Anatomie de la Révolution conservatrice*, Éditions de la Maison des Sciences de l’Homme, Paris [1993].

Burdiel, Isabel (2019): *Emilia Pardo Bazán*, editorial Taurus, Madrid.

Cacho Viu, Vicente (1998): *Repensar el noventa y ocho*, editorial Biblioteca Nueva, Madrid.

Charle, Christophe (1998): *París, fin-de-siècle*, Seuil, Paris.

Clarín, Leopoldo Alas (2006): *Obras completas, X, Artículos (1898-1901)*, edición de Yvan Lissorgues y Jean-François Botrel, ediciones Nobel, Oviedo.

Costa, Joaquín (1975): *Oligarquía y caciquismo como la forma actual del gobierno de España*, editorial de la Revista del Trabajo, Madrid, 2 vols. [1901].

Costa, Joaquín (1998): *Oligarquía y caciquismo*, Introducción de José Varela Ortega, editorial Biblioteca Nueva, Madrid, pp. 19-50.

Jover Zamora, José María (1981): "La época de la Restauración. Panorama político y social, 1875-1902", in Manuel Tuñón de Lara (dir.), *Historia de España*, vol. VIII, editorial Labor, Barcelona, pp. 269-406.

Juliá, Santos (2004): *Historias de las dos Españas*, editorial Taurus, Madrid.

Juliá, Santos (2014): *Nosotros, los abajo firmantes. Una historia de España a través de manifiestos y protestas (1896-2013)*, editorial Galaxia Gutenberg, Barcelona.

Mainer, José Carlos (1996): "Apuntes junto al ensayo", in Jesús Gómez (ed.), *El ensayo español, 1: Los orígenes*, editorial Crítica, Barcelona, pp. 9-33.

Oller, Narcís (1962): *Memories literàries*, Aedos, Barcelona.

Ozouf, Mona (2001): *Les aveux du roman. Le XIXe siècle entre Ancien Régime et Révolution*, Gallimard, París:

Pardo Bazán, Emilia (1964): *Obras completas*, 3 vols., editorial Aguilar, Madrid.

Pardo Bazán, Emilia (1972): *La vida contemporánea (1896-1915)*, editorial Magisterio Español, Madrid.

Emilia Pardo Bazán, Emilia (1984): *De mi tierra*, Edicions Xerais de Galicia, Vigo [1888].

Pérez Galdós, Benito (2020): *Galdós, corresponsal de La Prensa de Buenos Aires*, ed. Dolores Troncoso, Casa-Museo de Galdós, Las Palmas de Gran Canaria.

Sánchez-Llama, Íñigo, ed. (2010): *Emilia Pardo Bazán. Obra crítica (1888-1908)*, editorial Cátedra, Madrid.

Serrano, Carlos (2000): "El "nacimiento de los intelectuales": algunos replanteamientos", *Ayer*, 40, pp. 11-23.

Sotelo, Marisa (2009): "Emilia Pardo Bazán mantenedora de los Juegos Florales de Ourense en 1901", in José Manuel González Herrán et al. (eds.), *La literatura de Emilia Pardo Bazán*, Caixa Galicia/Real Academia Galega, A Coruña.

Varela, Javier (1999): *La novela de España*, editorial Taurus, Madrid.

Valera, Juan (1947): *Obras completas*, 3 vols., editorial Aguilar, Madrid.

Winock, Michel (2010): *El siglo de los intelectuales*, Edhasa, Barcelona [1999].